


CONCURSO DE CABAZAS 2022



EQUIPOS DE BIBLIOTECA E
NORMALIZACIÓN E
DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA

Bibliotecas
escolares
de Galicia



-C.E.I.P. Víctor Sáenz-

Estimadas familias:

Como ben sabedes pronto chega a festa de **Samáin**, e no centro pensamos que é importante celebrar as nosas tradicións, polo que, entre outras actividades, convocamos unha nova edición do “**Concurso de Cabazas**”.

Lembrede que o obxectivo desta actividade é realizar un traballo en equipo, colaborando todos os membros da familia que poidan e queiran: as persoas maiores encargaranse de cortar, baleirar o seu interior, etc.; as nenas e nenos poden pintar, colocar, etc.

Unha vez rematadas, traerémolas ao colexio para expoñer no corredor, onde lle será asignado un número para realizar a votación das que máis nos gusten. Para evitar que podrezan, comezaremos a colocalas o **luns, 24 de outubro**, e a data límite para entrar en concurso será o **mércores, 26 de outubro**. O **venres 28**, entregaranse os premios ás tres cabazas que máis votos reciban.

ANIMÁDEVOS
A PARTICIPAR!!

O equipo de mestres e mestras do C.E.I.P. Víctor Sáenz.

ORIXE DO SAMÁIN

A noite do 31 de outubro comezaba o aninveo celta, como aínda se celebra na illa de Man.

Nesta noite as ánimas dos finados vestan visitar ás súas familias e ás súas vellas casas para quentárense a carón do lume e comer dos alimentos que con agarimo lles teñen preparados os parentes.

O cristianismo, adoptando o aninveo dos celtas e a súa festa á honra dos mortos, designaría o primeiro de novembro como Día de Todosos Santos, e no século XII, o día seguinte, estableceríao como Día dos Defuntos.



LENDIA DAS CABAZAS

Chega o outono. Tempo de castañas, nocos, vento, follas secas e días escuros. É o tempo de recoller o maizco e as cabazas. É tamén o tempo en que a rapazada fai as caveiras na cortiza das cabazas, seguindo unha antiga tradición dos tempos dos celtas.

Os celtas foron uns antigos habitantes de Galicia. Un dos seus costumes era peñer unha luz acesa dentro das caveiras dos inimigos mortos. Xa hai moitos séculos que tal costume se perdeu, máis hoxe en día aínda fica a tradición de tallar unha caveira na cortiza dos melóns e peñer no seu interior unha candeia que escintile pola noite.

Os celtas tiñan un grande respecto polos mortos. Nas súas caveiras poñían unha candeia para que, ao escintilar pola noite, puxera medo no corazón da xente. Tal cousa faciana ao chegar os tempos escuros do ano, que ao andar o tempo, foise transformando na festa dos defuntos.

Hoxe en día xa non se practican tales crenzas, máis ao longo do tempo mantívose un costume derivado destas: tallar caveiras na cortiza das cabazas e alumearas cunha candeia no seu interior.

COMO TALLAR UNHA CABAZA



1 Escolle a túa cabaza. O tamaño non importa, pero procura que estea máis verde que madura. Aguantarán máis tempo.

2 Coa axuda dun familiar maior corta a parte superior da cabaza e gárdaa. Servirache de tapa.



3 Colle unha culler e baleira o interior da cabaza. Límpaa moi ben para que quede só a tona dura do exterior.

4 Talla cun coitelo e coa axuda dunha persoa maior as partes que queiras: ollos, boca, nariz...



5 Decora a cabaza, colócalle unha candeia no interior e xa está. Colócaa na fiestra, na terraza, nun valado, no camiño e..., a meter medo á veciñanza!!!